



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 13/05/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

José Marcote Suárez

CONCELLEIROS

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez
Soledad Vilela Romero

SECRETARIO

Juan Carlos Carril Pérez

ASUNTOS

- 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS
- 3º) EXPEDIENTES DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
- 3.1) SUBVENCIÓN CONTRATACIÓN APROL RURAL ANO 2021
- 3.2) SUBVENCIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL ECLUSION SOCIAL (RISGA) ANO 2021
- 3.3) SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA AXUDAS FOMENTO DO EMPREGO (SOCORRISTAS) ANO 2021
- 4º) ASUNTOS VARIOS

Na vila e termo municipal de Fisterra, Partido xudicial de Corcubión, ás 19:00 horas do día 13/05/2021, reúnen-se no salón da Alcaldía, os señores e señoras que ao marxe se expresa, aos fins de celebraren sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Ao non estar redacta a acta da sesión anterior, deixase o asunto sobre a mesa, para ser tratado nunha sesión posterior.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JOSÉ RAMÓN OUTOMOURO MARIÑO**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 824 de 26/04/2021); para proceder á realización de obras consistentes na substitución de porta e fiestras no inmovible (Referencia Catastral 1547501MH8514N0001JA).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Maio de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JULIO SUÁREZ REY**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 870 de 4/05/2021); para proceder á realización de obras consistentes na reconstrución dun peche existente con pedra e bloque con unha altura máxima de 2 metros (Referencia Catastral 8414302MH7581S000BU).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Maio de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JOSÉ ANTONIO LESTÓN CANOSA**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 617 de 6/04/2021); para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado do teito en cor tella e fachadas laterais en cor claro, dunha vivenda (Referencia Catastral 15038A50205168); debendo axustarse ás condicións que se indican impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordos co contorno e coas edificacións tradicionais da zona. O pintado da cuberta non semella unha boa solución técnica, neste caso, dado que as cubertas tradicionais da zona son de tella cerámica vermella, o axeitado será colocar sobre as pranchas existentes a tella cerámica vermella.

- Respecto ás fachadas, considerase axeitado que se pinten dunha cor clara (cor branca ou beixe ocre clara con pouca saturación de cor), cun acabado liso mate, debendo pintarse todas as fachadas que se atopen recibadas. Ademais, recoméndase axustar o revestimento da fachada principal ás características do resto de fachadas da edificación, cun acabado recibado e pintado.”

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Maio de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

3º) EXPEDIENTES DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

3.1) SUBVENCIÓN CONTRATACION APROL RURAL ANO 201

A vista da Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o **fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL)** e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (Código Procedemento TR351G), publicado no Diario Oficial de Galicia número 73 de 20/04/2021, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Solicita da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de 13.436,28 €, para financiar os soldos e cotas á seguridade social do persoal beneficiario dos servizos que se indican a unha xornada do 100%.

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERIODO
1	Peón Forestal	13.768,74 €	9 meses



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Remitir certificado dese acordo á citada Consellería xunto coa documentación prevista no artigo 8.1 da citada orde.

3.2) SUBVENCIÓN CONTRATACION PRSOAL EXCLUSION SOCIAL (RISGA) ANO 201

A vista da Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (Código Procedemento TR351F), publicado no Diario Oficial de Galicia número 78 de 27/04/2021, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Solicita da Consellería ade Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de 20.618,28 €, para financiar os soldos e cotas á seguridade social do persoal beneficiario equivalente ao 100% dos servizos que se indican, e cunha xornada do 75%.

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERIODO
2	Grupo de Apoio a Servizos Múltiples	21.117,06 €	9 meses

2º) Remitir certificado dese acordo á citada Consellería xunto coa documentación prevista no artigo 6 da citada orde.

3.3) SUBVENCION XUNTA DE GALICIA XUDAS FOMENTO DO EMPREGO, ANO 2021

A vista da Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (Código Procedemento TR351A), publicado no Diario Oficial de Galicia número 73 de 20/04/2021, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto redactado para a prestación do seguinte Servizo Público Municipal.

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERIODO
4	Socorristas de praia	21.884,04 €	3 meses

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, unha subvención por importe de dezaoto mil euros (18.000,00 €) para financiar os soldos e cotas á seguridade social do persoal desempleado.

3º) Adquirir o compromiso firme de aportación municipal por un importe de tres mil seiscientos oitenta e oito euros con oitenta céntimos (3.688,80 €).

4º) ASUNTOS VARIOS

4.1 – COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DE ACTIVIDADES

A) Visto o expediente co número 2021/U019/000004, iniciado co número 2021/000/00000601 (RE) de 31/03/2021 por Manuel Jesús Domínguez Buiturón, no que presenta COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE de comercio menor e comercio maior de peixe e marisco, que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández (referencia catastral numero 850419MH7580S0002BF).

CONSIDERANDO: Que o pasado 9/04/2004, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido desfavorable do que se desprende que



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

se declara completa a documentación presentada e requíreselle que solvente esa falta con nova documentación.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000315 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra de 28/04/2021, Antonio Martínez Domínguez (arquitecto) presenta proxecto técnico no que se inclúe a documentación requerida para continuar co expediente.

CONSIDERANDO: Que o co número 2021/000/00000892 (RE) de 07/05/2021, Manuel Jesús Domínguez Buiturón, presenta certificado de aillamento acústico realizado pola empresa de control de ruidos "VIROCEM" e que consta no expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000333 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra de 11/05/2021, Antonio Martínez Domínguez (arquitecto) presenta Anexo ao Proxecto técnico – Reforma e acondicionamento de local para obradoiro de manipulación de peixe que consta no expediente.

CONSIDERANDO: Que o pasado 12/05/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación emite informe en sentido favorable do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de de Inicio de Actividade presentada por Manuel Jesús Domínguez Buiturón, para o realizar a actividade de "comercio maior e de comercio menor de peixe e marisco" que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4º) Notificar este acordo Juan López Senlle por ser parte interesada no expediente.

4.2 - TRANSMISION DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente co número 2018/U019/000013, iniciado co número 2018/000/00001718 (RE) de 19/06/2018 por Gonzalo Manuel Insua Fernández, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de "café bar - restaurante" que se localiza na Praza da Cerca.

CONSIDERANDO: Que o pasado 22/01/2004, a Comisión de Goberno concedíulle a Gonzalo y Francisco Insua Fernández, S.C., licenza definitiva de apertura de "outros café-bar".

CONSIDERANDO: Que o pasado 20/01/2007, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Gonzalo y Francisco Insua Fernández, S.C., licenza definitiva de apertura de "restaurante 1 garfo".

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Francisco Javier Insua Fernández en nome e representación de "GONZALO Y FRANCISCO INSUA FERNANDEZ, S.C.," e por Gonzalo Manuel Insua Fernández.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de Transmisión de Actividade e Comunicación Previa de inicio da actividade presentada por Gonzalo Manuel Insua Fernández, para o inicio da actividade de “cafe bar - restaurante” que se localiza no baixo da edificación da Praza da Cerca.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente co número 2020/U019/000013, iniciado co número 2020/000/00001946 (RE) de 20/10/2020 por María Carmen Canosa López, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar” que se localiza na Avenida da Anchoa.

CONSIDERANDO: Que o pasado 08/08/2014, a Xunta de Goberno Local concedeulle a Segunda Castreje Papín, licenza definitiva de apertura de “café bar”.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Segunda Castreje Papín e por María Carmen Canosa López.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de Transmisión de Actividade e de inicio da actividade presentada por María del Carmen Canosa López, para o inicio da actividade de “café bar - restaurante” que se localiza na edificación da Avenida da Anchoa.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o expediente iniciado co número 120 (RE) de 16/03/2003 por Francisco Javier Domínguez Velay, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de “café bar - restaurante” que se localiza no Paseo de Calafigueira desta vila.

Tendo en conta que co número 2021/000/00000525 (RE) de 22/03/2021 Francisco Javier Domínguez Velay, presenta levantamento topográfico de café bar restaurante para que se inclúa no expediente e se continúe coa tramitación do expediente de transmisión de licenza ao seu favor, o que da lugar a creación do expediente 2021/U019/000003.

CONSIDERANDO: Que o pasado 1/06/1995, a Comisión de Goberno concedeulle a TEARRON CALAFIGUEIRA, S.L., licenza definitiva de apertura de “café bar – restaurante no Paseo de Calafigueira desta vila”.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/000/00000816 (RE) de 28/04/2021, Francisco Javier Domínguez Velay, presenta memoria de actividade de café bar – restaurante, sito no Paseo de Calafigueira, de Fisterra, realizado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, colexiado 3442.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

RESULTANDO: Que no expediente consta a informe técnico en sentido favorable emitido o pasado 7/05/2021 polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de Transmisión de Actividade e de inicio da actividade presentada por Francisco Javier Domínguez Velay, para o inicio da actividade de “café bar - restaurante”, que se localiza na edificación do Paseo de Calafigueira.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) Visto o expediente co número 2021/U019/000009, iniciado co número 2021/000/00000786 (RE) de 23/04/2021 por CAFE BAR FINISTERRE, S.C., con CIF: J-05.393.921 e domicilio social no baixo da Avenida da Coruña, 28 desta vila, no que presenta COMUNICACIÓN PREVIA de Transmisión de Licenza e Inicio de Actividade de “café bar” que se localiza no baixo da Avenida da Coruña, 28 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 18/03/2004, a Xunta de Goberno Local concedeulle a Remedios Romero Ferrío, licenza definitiva de apertura de “café bar”.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Remedios Romero Ferrío e por Remedios Romero Ferrío en nome e representación de CAFÉ BAR FINISTERRE, S.C.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de Transmisión de Actividade e de inicio da actividade presentada por CAFE BAR FINISTERRE, S.C., con CIF: J-05.393.921, para o inicio da actividade de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da Avenida da Coruña, 28 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4.3) VENDA AMBULANTE

A) LISTA DE ESPERA

Visto o expediente 2021/U028/000004 iniciado como consecuencia do escrito presentado co numero 2021/000/00000381 (RE) de 22/02/2021 por Larisa Eva Goerzgen, no que solicita un



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

posto na venda ambulante para dedicarse a venda de produtos de alimentación (café e bollería).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluía na lista de espera da venda ambulante de alimentación deste concello co número 29-AL para dedicarse á venda de produtos de alimentación (café e bollería).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4.4) AXUDAS ECONOMICAS

Visto o expediente iniciado co número 931 (RE) de 11/05/2021 a petición de J. B. M. P. no que solicita unha axuda económica para acudir á UCA de Carballo.

Visto o informe de data 13/05/2021, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, María Teresa Dourado Martínez, do que se desprende que se considera procedente sufragar os gastos derivados destes desprazamentos de Fisterra a Carballo, aínda que non se recomenda darlle diñeiro efectivo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. B. M. P., unha axuda económica por importe de vinte e oito euros (28,00 €) para gastos de desprazamento á Unidade de Condutas Aditivas de Carballo, por tratarse unha persoa carente de medios económicos.

2º) Que se expida transferencia bancaria a favor da concelleira de Servizos Sociais desta Corporación, María Rocío Mariño López, ao ser a encargada de comprarlle o billete de autobús para entregarlo ao solicitante.

FORA DA ORDE DO DIA, DECLARADO DE URXENCIA, RATIFICADA A MESMA POR UNANIMIDADE DOS ASISTENTES.

“A vista da Resolución do 16/04/2021 de Augas de Galicia, pola que se aproban as Bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á redacción de Plans de Emerxencia ante situacións de seca para o ano 2021, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1º) Aprobar a memoria para a elaboración de Plan Municipal de Emerxencia e xestión do Risco de seca Concello de Fisterra, redactada por esta corporación, con data 13/05/2021, cun orzamento total de dez mil novecentos noventa e un euros e setenta e catro céntimos (10.991,74 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de dous mil trescentos oito euros e vinteseis céntimos (2.308,26 €) que consta no expediente.

2º) Solicitar do citado organismo unha axuda polo 80% do importe total que ascende á cantidade de dez mil seiscientos corenta euros (10.640, 00 €) co obxecto de financiar a elaboración prevista na memoria.

3º) Adquirir o compromiso firme de aportación municipal do importe restante con cargo ao Orzamento Ordinario do ano 2020, actualmente prorrogado, aceptando todas as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión as 19:45 horas do día en curso, do que como secretario-accdtal, dou fe.